

Como crear unha palabra

Este é un pequeno manual que nos vai ensinar como podemos montar unha palabra.

Para iso, precisamos unha serie de elementos.

Vexamos o que temos que conseguir.

Listaxe de materiais

1 raíz para os cimentos

1 lexema, para que teña significado

Unha presada de morfemas dos seguintes tipos:

- Prefixos
- Sufixos



Comezando polo básico

A raíz

A raíz dunha palabra é o mínimo que ten unha palabra e nunca cambia por máis adorno que lle poñamos.

Usemos a palabra casa como exemplo



Pensemos agora en todas as palabras que teñen que ver con casa e que leven a "casa" nela.

Isto que fixemos chámase familia léxica

Se nos fixamos, en todas esas palabras hai algo que nunca cambia, que é "Cas"

Polo tanto, "cas-" é a raíz da palabra casa e de todas as da súa familia léxica





Moi ben, xa temos o cimento da palabra. Pero, esta palabra ten sentido?

Realmente non. Cas, se non lle poñemos algo máis, non significa nada.

En cambio, cunha a ao final, xa todo entendemos o que é unha casa. Isto chámase lexema, que é o conxunto mínimo con significado.

Parece que a palabra vai collendo forma.

Imos ver que podemos facer agora con esa presada de morfemas que collemos antes.

Os morfemas son fragmentos que varían a palabra e lle aporta algún significado.

Imos ver un novo exemplo, neste caso con pan



Imos pois a engadirlle morfemas a pan



Se o morfema se engade diante dunha palabra, chámase prefixo (elevadora da esquerda)

Pola contra, se o morfema fai ao final da palabra (elevadora da dereita), chamarase sufixo



Resumindo

1. Deixamos a raíz no lugar axeitado



2. Comprobamos se é só raíz ou tamén lexema



3. Engadimos prefixos e sufixos

MAR

4. Unimos moi ben todo

E xa temos a nosa palabra

"Manual de creación de palabras", do proxecto *cREAgal*, publícase coa
Licenza Creative Commons Recoñecemento Non-comercial Compartir igual 4.0